



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 29 de decembro de 2023

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2023.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

2. Proposta da alcaldía relativa á Estimación da solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o 11/12/2023 con NRE 202399900001840 (incremento tarifas consonte IPC). EXPEDIENTE Nº 2017/C004/000004.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. Proposta da alcaldía relativa á probación de gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor V pola contía de 5.783,38 euros. EXPEDIENTE Nº: 2022/A008/000026.
4. PROPOSTA ALCALDÍA relativa o levantamento de reparo e aprobación certificación/medición final do "MODIFICADO VIAIS EN PEREIRIÑA, VIAL EN TOBA DE ABAIXO E VIAL INTERIOR DE RASO" (POS+2022) a EXCAVACIONES POSE SL pola contía de 5.843,76€. EXPEDIENTE TEDEC Nº: 2023/C003/000003.
5. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á aprobación e abono facturas por gastos de defensa e representación. Expediente Nº 2023/Q001/000004.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

6. Proposta da alcaldía relativa á solicitude adhesión a futuro Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto "Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte".

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. Dar conta das Resolucións da alcaldía:

Nº 1052/2023 de 21 de novembro á Nº 1173/2023 de 20 de decembro.

8. Mocións de urxencia.
9. Rogos e Preguntas.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.
A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.